



## ANUNCIO NO PORTAL WEB DO CONCELLO DA CONSULTA PÚBLICA

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de modificación da seguinte Ordenanza :

- **Ordenanza xeral sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguiridade viaria do Concello de Valdoviño.**

Na súa virtude, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de dez días a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

- Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa : Adaptar a Ordenanza que procede do ano 2010 e sufriu modificacíons á realidade e necesidades actuais do noso tempo:
  - .- No apartado REGULACIÓN punto 4º, que establece as zonas de estacionamento reservado para persoas con minusvalía, tendo constancia da necesidade de zonas desta índole no entorno praia Frouxeira, incluíndo un novo apartado de zona de estacionamento na rotonda da praia Frouxeira-Valdoviño.
  - .- Dexiar sen efecto o apartado 2. 1 f) do apartado REGGULACIÓN da ordenanza (rúas que circundan o núcleo de Saiña), e engardir outros 2.1 h) e 2.1 i) regulando debidamente o núcleo, xa que se trata dunha zona urbana e poboada e dado os anchos dos viais producen situacíons de risco debido ao estacionamento de vehículos nas marxes destes viais.
- Necesidade e Oportunidade da súa aprobación : Novas necesidades e feitos que fan necesario modificar a normativa municipal existente.
- Obxectivos da norma: Adapar a regulación de tráfico ás necesidades actuais e favorecer o estacionamento para as persoas con minusvalía.

Valdoviño, a 21 de xaneiro de 2020

O Alcalde,

Asdo. Alberto González Fernández.

